



## DESCRIPCIÓN / OBXECTIVOS

Axudas ás microempresas e pemes que realicen actividades de innovación que poidan levarse a cabo de maneira inmediata a través da contratación de servizos profesionais externos aos axentes de innovación para acadar un salto cualitativo e cuantitativo na súa actividade de I+D+i a curto prazo e repercutan directamente na capacidade para dar resposta aos retos actuais das empresas a través da innovación.



## ACTIVIDADES E CUSTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os custos de contratación de servizos externos efectuados dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 21 de outubro de 2022

- **Liña 1: Bonos para servizos de apoio á innovación:**
  - **Custos da protección do coñecemento da innovación industrial nas empresas:** tramitación de novas patentes, modelos de utilidade e os dereitos de propiedade industrial que se solicite en España, excluíndose o mantemento ou ampliación das existentes.
  - **Custos da transferencia de coñecemento:**
    - Accións para levar a mercado ou implementar os resultados da investigación e innovación industrial.
    - Estudos de vixilancia tecnolóxica e estado do arte.
    - Estudos de viabilidade tecnolóxica e industrial.
  - **Custos das accións estratéxicas que conduzan ao desenvolvemento ou comercialización de novos produtos, procesos e servizos que conduzan á mellor da competitividade empresarial en etapas previas á comercialización:**
    - Estudos de viabilidade tecnolóxica, industrial e de mercado.
    - Deseño de novos produtos, servizos ou procesos industriais.
    - Reconfiguración e redeseño de novos produtos e servizos.
    - Accións de teste, validación, verificacións ou accións destinadas ao cumprimento de especificacións.
    - Deseño, implantación e mellora de sistemas de xestión e organización da innovación: certificacións da especificación EA0047 "Requisitos para a consideración como Pequena ou Mediana Empresa innovadora", EA0043 "Requisitos da Xove Empresa Innovadora" e as incluídas na serie de Normas UNE 166000 dedicadas a apoiar a optimización da "Xestión da I+D+i" e outras certificacións específicas de I+D+i.
- **Liña 2. Bonos para a xestión do financiamento da innovación: Actividades de xestión, contratadas cos axentes da innovación, encamiñadas á:**
  - **Tramitación de incentivos e beneficios fiscais para a I+D+i** correspondentes ao exercicio fiscal de 2021 conducentes á obtención do certificado fiscal e/ou informe motivado vinculado (TIPO A).
  - **Solicitud de financiamento para proxectos ou actuacións de I+D+i** en convocatorias de axudas estatais, europeas ou internacionais tanto individuais como cooperativos (TIPO B).



## BENEFICIARIOS

| Bonos   | Beneficiarios                               | Excluidos   |
|---|---|---|
| Liña 1 Apoio á innovación                     | Microempresas e pequenas empresas           | Beneficiarios de Innovapeme 2017, 2019, 2020, 2021<br>Empresas con CNAE único Sección J |
| Liña 2 Xestión do financiamento da innovación | Microempresas, pequenas e medianas empresas | Beneficiarios de Innovapeme 2020 e 2021   |



Unha mesma solicitude pode solicitar o bono dunha ou ambas liñas.

As empresas vinculadas, asociadas ou pertencentes a un mesmo grupo empresarial soamente poderán obter unha axuda en cada unha das liñas.



## INTENSIDADE DA AXUDA

Subvención (suxeita a minimis): as axudas se concederán en forma de subvención non reembolsable. A contía máxima da axuda que pode ser concedida a cada beneficiario se determinará sobre a inversión total que se subvenciona:

| Modalidade bonos                | Investimento             | Subvención   | Intensidade |
|---------------------------------|--------------------------|--|-------------|
| Liña 1 Apoio á innovación       | De 30.000 € até 50.000 € | De 21.000 até 35.000 €   | 70%         |
| Liña 2 Xestión do financiamento | sen límite               | Máximo 5.000 € para cada unha das tipoloxías dos bonos (A e B) | 70%         |



O pago farase efectivo unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación



**Dotación orzamentaria da convocatoria: 1.000.000€**

Organismo xestor:  
Axencia Galega de Innovación  
Tipo de apoio:  
Axuda a fondo perdido  
Código do procedemento:  
IN848F

Data de publicación DOG:  
09/06/2022  
Presentación de solicitudes:  
11/07/2022  
Presentación de solicitudes:  
sede.xunta.gal

### Máis información



881 999 121  
981 541 079  
881 999 471



[servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal)



<http://gain.xunta.gal>